

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO SANATORIO DE PARAXÓN PARA A IMPLANTACIÓN DE ALBERGUE TURÍSTICO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Oza-Cesuras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que esta addenda ten por obxecto modificar as cláusulas segunda, terceira, oitava e o Anexo do convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 26 de xuño de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oza-Cesuras para a recuperación e posta en valor do sanatorio de Paraxón para a implantación de albergue turístico.

Segundo.- Na cláusula segunda se establece que o orzamento estimado para as actuacións obxecto do convenio ascende a 518.299,28 € (IVE incluído). A Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00005, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026, conforme ao seguinte reparto:

- Anualidade 2025..... 64.854,21 €
- Anualidade 2026185.145,79 €

Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.



Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio por parte do Concello será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2025 dos gastos causados no exercicio 2025. A esta xustificación poderán imputarse os gastos devindicados dende o 1 de xaneiro de 2025 ata esta data límite. O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio por parte do Concello dos gastos causados no exercicio 2026 será o 15 de decembro de 2026. A esta xustificación poderán imputarse os gastos devindicados dende o 16 de decembro de 2025 ata esta data límite.

Terceiro.- O Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscrición do referido convenio na súa reunión do 9 de xuño de 2025, de conformidade co disposto no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e na Disposición Adicional 2ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, que establece que a subscrición de convenios de colaboración cuxo importe sexa superior a 150.000 € ou teñan carácter plurianual requirirá autorización do Consello da Xunta.

Cuarto.- O 26 de novembro de 2025 o Concello de Oza-Cesuras solicita un reaxuste das anualidades previstas no convenio debido a que por diversas incidencias no procedemento de contratación da obra esta non puido adxudicarse ata o pasado 19 de novembro de 2025, polo que resulta de imposible execución e xustificación nos prazos inicialmente recollidos no convenio.

A modificación solicitada polo Concello de Oza-Cesuras implica trasladar integramente a anualidade 2025 a 2026.

De acordo co disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia é posible incorporar os remanentes de crédito a exercicios futuros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

